

Ferrol

A cidade do mar



A cidade do mar

Ferrol construíuse na súa relación co mar. Desde o mar, pescando riqueza; para el, co traballo nos estaleiros; tamén protexéndose das invasións que chegaban por el. A construción do mar non pode ser máis fermosa. A arquitectura lineal e modernista, a silueta das industrias, as inmensas praias e, sobre todo, un vivo crisol urbano que na fin de semana sae visitar os impresionantes arredores.

A muralla de prata

O primeiro Ferrol é o **Ferrol vello**, as estreitas rúas mariñeiras que soben dos peiraos. O primeiro paso da historia da cidade é, con todo, o que está máis lonxe do visitante que se achega por tren ou estrada.

As casas da Magdalena son un claro expoñente da construción de galerías.

Aquí, onde agora se estende un peirao pesqueiro e deportivo, había un castro marítimo, e del queda pegada na toponimia urbana.



Habitantes: **75.181** Extensión: **82 km²**

Concello: **Praza de Armas, s/n 15402 FERROL**

Tif. **981 944 000** Fax **981 944 028**

www.ferrol.es

Tamén contan que houbo un congro xigante, como o da Apocalipse, pero del nin sequera o nome quedou. A partir do século XI as rutas a Santiago trouxeron ata o porto boa parte dos camiñantes que procedían das Illas Británicas e do Norte de Europa, e que chegaban por mar. Era o comezo do camiño inglés. Por iso, nas proximidades do peirao estaba o hospital do Espírito Santo, hostel para o aloxamento de peregrinos.

Na actualidade pódese apreciar este pasado mariñeiro no barrio de pescadores: con trazado medieval, rúas estreitas e irregulares e casas de galerías, ocupadas agora por tendas de efectos navais, vellos bares e o escaso lumpen que lle queda a un porto ido a menos. Pola súa beleza e riqueza dixera o almirante inglés Pitt, quen chegou de incógnito no século XVIII para preparar futuras invasións, que revestiría a cidade de murallas de prata. Será o que lle falte.



Cadernas de metal

A partir do século XVI as condicións da protexida ría ferrolá -costas abruptas e estreiteza na boca- chaman a atención da Coroa española e doutras nacións. De aquí saíu parte da Armada Invencible loitar contra os elementos e a aquí foron chegando durante séculos diversas invasións inglesas e francesas, de éxito diverso.

Pero o rei Felipe V de España, o primeiro dos Borbóns, decide converter a cidade en capital do departamento militar do norte (1726), lugar idóneo para a situación dos estaleiros reais. Catro anos despois sae o primeiro barco co nome de Galicia. A partir dese momento, Ferrol convértese na cidade máis industrial de Galicia, na vangarda da modernidade.

Isto sería así ata finais do século XX, cando a ría de Ferrol era líder na construción naval mundial. Pero nos anos oitenta chega o golpe da reconversión industrial, que afectou en primeiro lugar os estaleiros e despois a todo un amplo abano de empresas que dependían deles directa ou indirectamente.

O enxeñeiro que deseñou igrexas

As medidas para facer de Ferrol un centro naval e militar de primeira orde dotárono dun grandioso arsenal e dunha impresionante infraestruturas de diques e doutras instalacións para a construción de navíos. Na súa maior parte, estas edificacións do XVIII seguen a usarse na actualidade e poden contemplarse no longo paseo que vai do peirao ata a porta da Empresa Nacional Bazán, en paralelo ao mar.

A construción do estaleiro atraerá gran cantidade de man de obra, que comezará a vivir no Esteiro, proxecto cuadrulado do primeiro barrio obreiro de Galicia. Quedan algúns vestixios del, como a moi singular **Casa do Patín**, convertida en biblioteca, e



A casa do Patín, curioso vestixio da antiga planificación do barrio de Esteiro, agora dedicada á biblioteca universitaria.

o antigo **Hospital de Mariña**, que se rehabilitou como o actual **Campus Universitario** da cidade.

Na mesma época, fíxose necesario habilitar vivendas para os oficiais e a burguesía que se ía desenvolvendo á par do progreso. En 1761 Carlos III aproba o plano da Magdalena, un dos exemplos máis singulares da arquitectura racionalista do XVIII. Mesmo a igrexa de San Xiao, incluída dentro do proxecto, foi deseñada polo enxeñeiro Sánchez Bort.

O castelo de San Felipe

A construción militar máis importante de Ferrol é, sen dúbida, o **castelo de San Felipe**, levantado na porta da ría. Este alarde de arquitectura granítica débelle a súa primeira construción ao monarca Felipe II. Situado en fronte do da Palma (en Mugar dos), e triangulando co desaparecido castelo de San Martiño, controlábase dende aquí todo o tráfico da ría. Mesmo pola noite poñían unha cadea entre os castelos para bloquear o paso das embarcacións. Con todo, o edificio que hoxe conservamos é do XVIII, momento no que foi remodelado, ao igual que o da Palma, polo enxeñeiro Montañú. As obras maiores do castelo foron rematadas, finalmente, en 1775.

Chégase ao castelo tras visitar a aldea de San Felipe e atravesar un fermoso paseo. Son camiños de garitas, construcións para a vixilancia que combinan os modelos militares clásicos co estilo tradicional dos canteiros que as realizaron. O fabuloso edificio, recuperado para uso público, permite asomarse á ría, contemplar a silueta de Ferrol e case tocar coa man as costas de Mugar dos. Pola súa beleza, é un dos mellores recintos militares do seu tempo.

FESTAS


A Semana Santa

É a festa principal da cidade e a Semana Santa de máis tradición e espectacularidade de Galicia.

Non debemos perder o Xoves Santo a procesión das Dores. O Venres, o día grande, exhibense as tres máis importantes. Na do Santo Encontro, pola mañá, enfróntanse diante da casa do concello o Cristo Nazareno, a Verónica, a Dolorosa e o San Xoán Evanxelista.

Máis intensa é a do Santo Entero, xa ao anoitecer, co paso máis antigo: a Santa Urna, de 1892. E esa noite sae a máis relixiosa, a dos Caladiños, cando as mulleres con candeas acompañan en silencio a pena da Dolorosa.

O castelo de San Felipe é a fortaleza máis importante de Galicia.



A falsa lagoa

A estreiteza da ría e as súas augas calmadas fan-nos pensar ás veces que se trata dun lago pechado. Pero a imprescindible viaxe na lancha ata Murgardos permite comprobar que a angosta saída existe e que é fermosa grazas ás bravas rochas que a amparan.

Se seguimos a estrada que bordea a ría, ao pasar o castelo de San Felipe divísanse os restos da **batería de San Cristovo** e, en fronte, o pintoresco canto da **praia de Cariño**. Ao chegar ao **cabo Prioriño** baixaremos polos túneles ata onde descansaban os canóns para ver o mar, e logo subiremos ao cumio do monte Ventoso (245 m), desde onde se alcanzan todas as Mariñas.

E a verdadeira

Se descendemos cara á dereita, achegámonos á **lagoa de Doniños**, un dos espazos naturais máis importantes do norte de Galicia. Tras a liña de surfieiros e sobre o **castro de Lobadiz**, voan valiosas aves mariñas que aniñan nos acantilados ou nas illas próximas. Pero, alén da importancia paisaxística, Doniños tamén destaca pola curiosa flora que a lagoa litoral permite, especialmente os espectaculares nenúfares de brancas flores.

Á cidade que se levantaba sobre a lagoa, de nome Valverde, chegou Cristo nun antigo tempo disfrazado de mendigo. A impiedade colectiva foi tan grande que Xesucristo decidiu castigala: todos morrerían afogados, agás unha boa señora que lle dera dous peque-

O porto de Ferrol ten unha grande actividade deportiva, pesqueira e de pasaxeiros, pero, sobre todo, industrial e militar.

nos bolos de pan. Iso si, coa condición de non mirar atrás. A muller colleu os seus dous fillos, meteunos nun cesto e saíu correndo da cidade. Nese momento, un estrondo ás súas costas fixo que a muller se dese a volta e, entón, caeu fulminada. As augas inundábano todo e só os dous nenos se salvaron flotando no cesto.

Deses dous pequenos di a lenda que lle vén, pois, o nome á lagoa.





As praias do norte (Covas, San Xurxo, Doniños, Ponzos) son amplas e moi concorridas por bañistas e surfeiros.

Pola contra, é historia da verdadeira a que lle sucedeu a lord Abercrombie. Nesta longa praia de dous quilómetros desembarcaron trece mil homes ao seu mando coa intención de tomar o castelo de San Felipe e a cidade pola retagarda. A praza estaba desgornecida, pero a estratexia dos escasos defensores conseguiu acantear os ingleses no monte de Brión e derrotalos nun combate que aínda hoxe se festexa na cidade.

A virxe das baleas

Máis ao norte aparece o cabo Prior, coas súas altas penas. Para chegar a el temos que cruzar a **praia de San Xurxo**, que con diferentes nomes se estende ao longo de máis de tres quiló-

metros. Aquí houbo unha factoría baleeira da que gardan memoria os vellos escritos, e permanece agora sobre a Insúa do Medio a **pequena capela de Santa Comba**, accesible só con baixamar.

Dando a volta cara a Ferrol, subiremos a un monte no que, por arriba de Serantes -antigo municipio independente e hoxe sede universitaria-, se encontra a **ermida da Virxe de Chamorro** -ou do Nordés-, a patroa da cidade. A vista desde o santuario é moi fermosa, e o paseo pola ruta do viacrucis, aínda que moi empinada, tamén o é. O edificio, moi sinxelo, levántase sobre unha pedra de abalar, das moitas que hai por todo o país con virtudes milagrosas. No interior do templo, enchido de exvotos, hai unha figura da virxe de imprecisa pero elevada antigüidade, que reúne desde 1628 a miles de romeiros polo luns de Pascua. Din que afasta o temporal, atrae as chuvias, cura os males e dá o amor.

O estilo esquecido

Ferrol vai co pé cambiado, e nun país que fixo himno do robusto e pechado románico, quixo ser capital neoclásica. A expansión arquitectónica do XVIII puxo a cidade no mundo con liñas claras, capiteis sinxelos e paredes de panos brancos. O mesmo trazado do barrio burgués da Magdalena débese ao enxeñeiro neoclásico Jorge Juan.

De todos os edificios deste corte, o de maior importancia é a **igreja de San Xiao** [6], que é concatedral desde 1959. Diseñada polo enxeñeiro Sánchez Bort, empezouse a edificar en 1766 para substituír un templo do porto que houbo que derrubar por mor dos estaleiros.

A nova igrexa, inspirada no San Andrés de Roma, resalta polo xogo de volumes, aínda que é moito máis interesante pola decoración a igrexa **castrense de San Francisco** [3]. Foi levantada sobre un vello templo do XV que mandara construír Fernán Pérez de Andrade, entre a Magdalena e o Ferrol vello. Máis discreta no exterior, acolle o conxunto escultórico de maior interese da cidade, especialmente o retablo de Xosé Ferreiro. Sobre a súa parte posterior levantouse parte do **Parador de Turismo**.



Os montes que rodean Ferrol son catálogo de vistas e recantos deliciosos, como a capela de Chamorro ou esta ermida de San Cristovo.

Rigor de enxeñeiros militares

Con todo, a maior parte da pegada neoclásica vincúlase cos estaleiros militares. Entre as moitas construcións, destacan a **Cortina** [2] -muralla fortificada de 500 metros que rodea polo mar as instalacións do exército-, e as diversas **portas** que lles dan entrada: a do **Dique** [7], co escudo de Carlos III, e a moi posterior do **Parque** (1858), no peirao [2].

No interior do recinto, que se pode visitar solicitando permiso -ou alistándose-, atópase a fermosa **Sala de Armas**, actual cuartel de instrución, coa magnífica escalinata principal decorada con varanda. Non debemos deixar de achegarnos ao moi interesante **Museo Naval**, á **Biblioteca da Zona Marítima do Cantábrico** e ao **Dique da Campá**, labor formidable do enxeñeiro Andrés Comerma, a máis importante obra hidráulica na Galicia do seu tempo (1879) e un dos diques máis grandes do mundo (145 metros de eslora e 12 de calado).

Tamén de liñas limpas e panos brancos son a **capela das Angustias** [8], a das **Dores** [5], a do **So-corro** [1], a **igreja da Orde Terceira** [3], as numerosas **fontes** que decoraron e ordenaron a cidade, como a de **San Roque** [3], a de **Churruca** [4] e a esvelta da **Fama** [7] -coa súa trompa de gloria- e, sobre todo, o antigo **Hospital da Caridade** [10], edificio do arquitecto Sánchez Aguilera e hoxe en día convertido tras varias reformas no Centro Torrente Ballester, a principal sala pública de arte contemporánea e sede do Museo Bello Piñeiro, centrado na pintura galega de principios do XX.

Edificios para a galería

Contra a sobriedade neoclásica dos edificios, Ferrol é alegre nas rúas da Magdalena e nas súas galerías. Esta achega arquitectónica, específica das Mariñas galegas, difundíuse amplamente polo noso barrio burgués combinando a artesanía dos forxados coa habilidade dos carpinteiros de ribeira metidos á terra.

As galerías marcaron a entrada no XX da man do modernismo, o estilo de moda en Europa, que tivo o seu máximo representante no arquitecto ferrolán Rodolfo Ucha -nado en Vigo en 1882-. Tanto foi o

seu traballo -e tan bo- que conseguiu darlle a Ferrol un estilo único e identificador. Arquitecto municipal de 1908 a 1936, son obra súa a maior parte das casas e edificacións modernistas que sinalamos no plano, aínda que realizou moitas obras máis tristemente derrubadas, como os **quioscos de vidro e metal** da Alameda. A actual arquitectura ecléctica da Magdalena, mestura dos estilos da posguerra e do escaso respecto polo pasado, dá unha impresión estraña: haberá que esperar cincuenta anos para apreciar estas rupturas de formigón.

Entre os edificios máis notables debe sinalarse, sen dúbida, o **teatro Jofre**, o máis espectacular edificio escénico de Galicia. O interior consérvase precaria-

mente ao levar algúns anos pechado ao público, pero no exterior aínda presenta o porte do pasado. O interior e a parte dereita da fachada foron deseñados polo arquitecto Riva de Soto (1892), mentres que o lado esquerdo é obra posterior, moito máis lucida, de Ucha (1921).



As casas da Magdalena son unha homenaxe viva á máxima achega galega á arquitectura do XX: as casas de galería.

As xoias modernistas xorden de súpeto durante o paseo, pero debemos mencionar polo menos algunha de especial relevancia, como a **Casa da Cruz Vermella** (1911), que en tempos foi dispensario antituberculoso, obra do ovetense Galán Carvajal; o **Mercado do peixe**, a **Casa Antón** ou a **Casa Romero**, todas de Ucha.

Tradición cultural

Ferrol era un dos centros da ópera en Galicia xa a mediados do século XVIII, e na actualidade sobrevive o cultivo desa arte nos concertos patrocinados polo Concello dentro da **"Decena da Música"** e nos premios do **Concurso Internacional de Piano "Cidade de Ferrol"**, os organizados por "Caixa Galicia" e a "Filharmónica Ferrolá", e os realizados pola Banda de Música de Infantería de Mariña baixo o impresionante xardín de magnolios do Paseo de Herrera.

No que se refire á música popular, destacan especialmente as **Tunas das Pepitas**, de profunda raizame na cidade. Nacen no barrio de Esteiro a fins do século XIX e na véspera de San Xosé percorren as rúas da cidade cantando a beleza da muller ferrolá.

Dentro da música coral destaca a **"Coral Polifónica Ferrolá"** e con carácter máis folclórico o histórico **Real Coro Toxos e Flores**, fundado en 1915, que é o máis antigo dos que aínda actúan polos escenarios do mundo enteiro.

A mellor música de gaita tamén ten o seu lugar en Ferrol, concretamente no **"Concurso de gaitas Constantino Bellón"**, organizado polo Ateneo Ferrolán.

No eido literario destaca a entrega dos **"Premios Esquíu"** de poesía en lingua galega e castelá, organizados pola Sociedade Cultural Valle-Inclán.

O Concello promove os premios de narración curta e de investigación lingüística **"Carvalho Calero"**, en recordo do escritor nacido na cidade.

De fama internacional é o **"Premio de Gravado Máximo Ramos"** que, baixo a iniciativa do Concello, convoca un nutrido número de participantes de todas as nacionalidades.

FESTAS

San Xiao

O 7 de xaneiro, patrón da cidade. É típica a degustación pública e popular de arroz con leite na praza do concello.

Romaxe á Virxe de Chamorro

O luns de Pascua, con romaxe popular ata a ermida. En Chamorro.

Feira de Mostras

A segunda semana de xullo, no recinto feiral da Malata. Certame de industria e de servizos, que se realiza dende 1953. A máis importante de Galicia. O recinto feiral organiza, ademais, outros interesantes certames específicos ao longo do ano.




Praza e estatua do Marquês de Amboaxe, no barrio da Magdalena.

Onde comer

Alberimar	Estda. de Catabois, 330 - 332	981 310 035
Joses	Estda. de Catabois, 433	981 371 286
A Casa da Troia	Estda. de Catabois, 282	981 372 185
Romero	San Mateo, 4	
Romero	Acceso a la Residencia	981 370 959
Triple V V V	Estda. de Catabois, 245	981 327 854
O Parrulo	Estda. de Catabois, 401	981 318 653
La Cueva	Estda. de Catabois, 649	981 372 797
Simbad	Estda. de Catabois, 268	981 370 490
Garimbas	Estda. de Catabois, 316	981 372 341
A Madeira	Estda. de Catabois, 315	981 317 877
El Capi	Estda. de Catabois, 298	981 319 620
Medulio	Estda. Ferrol - Serantes	981 330 089
Modesto	Estda. Ferrol - Cobas - Serantes	981 323 275
El Castaño	El Castaño - Serantes	981 317 853
La Torilla	Serantellos, 124. Serantes	981 319 855
A Xuntanza	Avda. 19 de Febrero, s/n	981 324 918
Sexto Pino	Estda. da Cabana, s/n	981 320 003
La Nueva Frontera	Estda. da Cabana, 29	981 314 602
Geluco	Estda. da Feira de Mostras	981 370 010
El Cruce	Montecuruto, 4	981 317 554
O Bocadiño	El Pilar, 6, A Cabana	981 329 881
Mesón A Cabana	El Pilar, A Cabana, 5	981 328 946
A Gabeira	Balón, 172	981 319 057
El Gallo	Estda. de Balón, 158- 160	981 318 656
O Paadal	Montecuruto	981 329 845
A Malata	Punta Arnela	981 370 745
O Abeiro	Doniños, Outeiro	981 371 278
Claudina	San Xurxo, 9	981 365 052
Gavia	María, 2	981 325 311
La Parra	Pardo Bajo, 21	981 351 055
O Xantar	Real, 182	981 355 118
O Hórreo	Sol, 124- 126	981 357 649
Caserío Vasco	Pardo Bajo, 11	981 351 189
La Gran Muralla	Dolores, 11	981 356 926
O Café da Vaca	Dolores, 34	981 357 505
Casa Rivera	Galiano, 57	981 350 759
Lepanto	Pardo Bajo, 15	981 351 198
Coté	Pardo Bajo, 19	981 350 367
Edén	Praza das Angustias	981 359 531
Pataquiña	Dolores, 35	981 352 311
Mesón O Rubio	Dolores, 44	981 350 546
Cantegril	Dolores, 32	981 358 556
O Escudo	Los Corrales, 13	981 315 554

Onde dormir

Hotel Hesperia	Estda. de Castela hote@hesperia-ferrol.com	981 330 226
Barceló Almirante	María, 2 almirante@barcelo.com	981 333 073
Parador de Turismo	Eduardo Pondal ferrol@parador.es	981 356 720
Hotel Suizo	Dolores, 67 hotelsuizo@telefonica.net	981 300 400
Hotel América	Sánchez Calviño, 70-72	981 370 208
Hostal Almendra	Almendra, 4	981 358 190
Hostal da Magdalena	Magdalena, 98	981 355 615
Hostal Edén	San Andrés, 4	981 359 531
Hostal Magallanes	Estda. de Castela, 401	981 371 480
Hostal Porta Nova	Fontemoura, 26	981 370 648
Hostal Real	Dolores, 11 reservas@hotelreal.com	981 369 255
Hotel Silva	Río Castro, 42 hotelsilva@hsilva.com	981 310 552
Hotel Valencia	Estda. de Catabois, 390 hotelvalencia@terra.es	981 370 312
Hostal Residencia Porta Nova	Naturalista López Soane, 29	981 359 772
Hostal Zahara	Pardo Bajo, 28	981 351 231



Ferrol a cidade do mar



Concello de Ferrol
TURISMO

Oficina de Turismo
Portanova s/n
Tif. 981 446 700

Oficina de Turismo Porto
Peirao de Curuxeiras s/n
Tif. 618 522 527

Cámara
Ferrol